

CARTA DUN FILLO OU FILLA ÓS PAIS E NAIS DO MUNDO

- * Non me deades todo o que vos pido.
Ás veces, só volo pido para ver ata canto podo coller.
- * Non me gritedes.
Respéctovos menos cando o facedes e ensinádesme a gritar a min tamén. E eu non quero facelo.
- * Non me deades sempre ordes.
Se no canto de ordes, ás veces pedísedesme as cousas, eu faríao máis rápido e con máis gusto.
- * Cumprir as promesas, boas ou malas.
Se me prometedes un premio, darmo; pero tamén se é un castigo.
- * Non me comparedes con ninguén, especialmente co meu irmán ou a miña irmá.
Se me facedes sentirme mellor que os/as demais, alguén vai sufrir, e se me facedes sentirme peor que o/as demais, serei eu quen sufra.
- * Non cambiedes de opinión tan a miúdo sobre o que debo facer.
Decidide e mantede esa decisión.
- * Deixarme valerme por min mesmo/a.
Se vós facedes todo por min, eu nunca poderei aprender.
- * Non digades mentiras diante de min, nin me pidades que as diga por vós, aínda que sexa para sacarvos dun apuro.
Facédesme sentirme mal e perder a fe no que me dicides.
- * Cando eu fago algo malo, non me esixades que vos diga o porque o fixen
Ás veces nin eu mesmo/a o sei.
- * Cando esteades equivocados/as en algo, admitídeo.
Creceará a opinión que eu teño de vós, e así ensinaredesme a admitir as miñas equivocacións tamén.
- * Tratádeme coa mesma amabilidade e cordialidade con que tratades ós vosos amigos/as.
Porque sexamos familia non quere dicir que non podamos ser amigos/as tamén.
- * Non me digades que faga unha cousa que vós non a facedes.
Eu aprenderei sempre o que vós facedes, aínda que non o digades. Pero nunca farei o que vós dicides que hai que facer e vós non facedes.
- * Cando vos conto un problema meu, non me digades "non teño tempo para bobadas", ou "iso non ten importancia".
Tratar de comprenderme e axudarme.
- * E querédeme. E dicídemolo.
A min gústame oírvos como mo dicides, aínda que non creades necesario dicírmolo.

